



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE XULLO DO 2020.

Sesión 07/2020-P

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D<sup>a</sup> María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Cotelo (incorpórase ás 20:05 h) D<sup>a</sup> María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></b> D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día xoves 30 de xullo do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen da fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	---

### **ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario do Concello de Sada, polo que queda validamente constituído o Pleno.

#### **1º.- APROBACIÓN DE ACTAS (SESIÓNS NÚMS. 4, 5 E 6).**

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 04/2020, do 28/05/2020, 05/2020, do 25/06/2020 e 06/2020, do 20/07/2020.



A sra. Salorio Porral salienta que no vídeo/audio da anterior sesión, os seis primeiros minutos non foron ouvidos polos espectadores.

Non habendo máis intervencións, quedan aprobadas por unanimidade as actas das sesións núms. 04/2020, do 28/05/2020, 05/2020, do 25/06/2020 e 06/2020, do 20/07/2020, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

## 2º.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO NO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 6/2020, do 23 de xullo, que recolle:

<<**Primeiro.-** Corrixir o erro detectado no Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para as anualidades 2020-2022, consistente no réxime da subvención, concorrencia, **LS 3.1.Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para a organización de actividades culturais, de forma que queda redactado como segue:**

### **LS 3.1.Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para a organización de actividades culturais**

Áreas de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Organizar actividades de promoción da cultura.</li><li>2. Fomentar a participación cidadá na cultura e na súa difusión.</li><li>3. Conservar as tradicións culturais nas disciplinas de música, danza, canto, memoria colectiva, etc.</li><li>4. Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural.</li><li>5. Colaboración entre administracións.</li></ol>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenrolo cultural
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Costos previsibles para a súa realización e fontes de financiación	Orzamento 2020. Previsión: 2020-2022. Partida orzamentaria: 3340.48000, 18.000 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarase segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación continua	<ul style="list-style-type: none"><li>- Nº de entidades beneficiarias.</li><li>- Nº de participantes por cada actividade.</li><li>- Nº de accións de difusión realizadas.</li><li>- % de incremento de accións de difusión realizadas respecto ao ano anterior.</li></ul>



	- % de incremento de participantes por acción respecto ao ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao pleno.

**Segundo.-** Publicar a corrección no BOP da Coruña, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Sada>>.

No debate, a sra. Reimúndez Suárez (BNG) sinala o seu voto favorable, a sra. Pardo Fafián (PSOE) está de acordo e a sra. García Freire (PP) comenta que debería ser por concorrencia competitiva, como o Sada Activa, e se pretenden corrixir os erros cando remata o prazo, e que seguen a 30/07/2020 sen abonar as subvencións, polo que se absterán.

O sr. Alcalde respóndelle que non son por concorrencia competitiva, e que existe crédito retido, ao igual que para o Náutico.

A sra. García Freire (PP) reitera que a día de hoxe (30/07/2020) seguen sen abonar as subvencións.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (PP).

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Corrixir o erro detectado no Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Sada para as anualidades 2020-2022, consistente no réxime da subvención, concorrencia, **LS 3.1.Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para a organización de actividades culturais, de forma que queda redactado como segue:**

**LS 3.1.Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Sada para a organización de actividades culturais**

Áreas de competencia afectadas	CULTURA, FESTAS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Organizar actividades de promoción da cultura.</li> <li>2. Fomentar a participación cidadá na cultura e na súa difusión.</li> <li>3. Conservar as tradicións culturais nas disciplinas de música, danza, canto, memoria colectiva, etc.</li> <li>4. Creación de eventos e espazos para a convivencia lúdica e cultural.</li> <li>5. Colaboración entre administracións.</li> </ol>
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Desenrolo cultural



Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiación	Orzamento 2020. Previsión: 2020-2022. Partida orzamentaria: 3340.48000, 18.000 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Réxime de concorrencia. Procédese á aprobación das bases da convocatoria polo Pleno e á súa convocatoria polo Alcalde. Presentadas as solicitudes en forma resolverase sobre a concesión das axudas por Resolución de Alcaldía. A xustificación da actuación subvencionable presentarse segundo o establecido nas bases e adoptará a forma de conta xustificativa coa documentación que se esixa nas mesmas.
Réxime de seguimento e avaliación continua	- Nº de entidades beneficiarias. - Nº de participantes por cada actividade. - Nº de accións de difusión realizadas. - % de incremento de accións de difusión realizadas respecto ao ano anterior. - % de incremento de participantes por acción respecto ao ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao pleno.

**Segundo.-** Publicar a corrección no BOP da Coruña, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Sada.

### 3º.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 08/2020 E APROBACIÓN DEFINITIVA

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 6/2020, do 23 de xullo, que recolle:

<<**Primeiro.-** Inadmitir, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JP149/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación de crédito 08/2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 28 de maio de 2020:

- Grupo Municipal Partido Popular de Sada (registro de entrada 202099900001139 do 04.06.2020)

- Unión Sindical Obreira (registro de entrada 202099900001368 do 23.06.2020)

**Segundo.-** Aprobar definitivamente a modificación de crédito 08/2020 aprobada inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 28 de maio.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que motiva o mesmo.

**Cuarto.-** Publicar o contido da presente modificación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello>>.



No debate, a sra. Taibo Fernández (SM) sinala que foron presentadas alegacións polo PP e pola USO, que son conscientes do incumprimento, e que non é preciso aprobar un Plan Económico Financeiro (PEF) ata á liquidación do orzamento, e tampouco hai que realizar consignación orzamentaria para o plan de pensións e as axudas sociais, polo que se propón a inadmisión de ámbalas dúas reclamacións; a sra. Reimúndez Suárez (BNG) tilda de “trabas” a presentación de alegacións e reclamacións polo PP e pola USO; a sra. Pardo Fafián (PSOE) remítese ao informe técnico en relación ás alegacións presentadas, que o seu grupo non está en contra das obras que melloren a vida dos veciños e veciñas de Sada, que están en contra deste modificativo de crédito, que supón o oitavo, e que non hai consignación orzamentaria para estas obras, coñecidas antes de ter sido aprobado o orzamento, polo que denuncia a improvisación; o sr. Tellado Villares (PP) recorda que o Interventor sinalara xa nun informe que se incumpria o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto polo que habería que ter aprobado un PEF, ademais das reclamacións por expropiación forzosa e responsabilidades patrimoniais por urbanismo, polo que estamos ante a necesaria aprobación dun PEF por lei, ao que engade que o sr. Alcalde dixo que se presentaban alegacións para atrasar, para entorpecer, pero se presentan alegacións porque o sr. Alcalde outorgou un prazo para iso, e que non só presenta alegacións o PP, senón tamén un funcionario da súa administración, que representa a un sindicato, e que o PP presentou alegacións o primeiro día do prazo, e o sindicato o último, pero quen atrasa é o PP, mentres que o sr. Alcalde tardou 35 días para convocar o Pleno, e lémbrale que el presentou alegacións ao Plan Xeral, nun modelo empregado por máis de 200 persoas, continua que o Interventor engade que un criterio de estimación sería a insuficiencia de ingresos para abonar os gastos, circunstancia que concorre no presente suposto.

O sr. Alcalde respóndelle que se trata dunha sentenza firme herdada do Goberno anterior, e que a día de hoxe non hai ningunha responsabilidade patrimonial pendente de abono polo Concello de Sada, dado que non hai ningunha responsabilidade patrimonial de natureza urbanística que fora perdida, que estea pendente de execución; en relación co dito polo representante do PP as alegacións do PXOM foron todas contestadas.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 2 (PSOE).
- Abstencións: 5 (PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Inadmitir, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JPB149/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación de crédito 08/2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 28 de maio de 2020:

- Grupo Municipal Partido Popular de Sada (registro de entrada 202099900001139 do 04.06.2020)
- Unión Sindical Obreira (registro de entrada 202099900001368 do 23.06.2020)

**Segundo.-** Aprobar definitivamente a modificación de crédito 08/2020 aprobada inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 28 de maio.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que motiva o mesmo.

**Cuarto.-** Publicar o contido da presente modificación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**

**A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 19 de xuño (núm. 1.265) ata o 24 de xullo do 2020 (núm. 1.556).**



Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 19 de xuño (núm. 1.265, do expediente 2020/G003/001311) ata o 24 de xullo do 2020 (núm. 1.556, do expediente 2020/G003/001603), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

A sra. Pardo Fafián quíxase de que tivo que mirar case 500 resolucións en dúas tardes. O sr. Alcalde, por observación do secretario accidental, dille que houbo un problema informático.

Deseguido o sr. Alcalde dá conta que o 21 de xullo chegou a desafectación da EEI de Carnoedo, e anuncia que convocaran a comisión acordada polo Pleno para o vindeiro 1 de setembro e un correo electrónico para que todo o tecido asociativo de Sada presenten propostas, para definir os usos.

A sra. Pardo Fafián pregúntalle se haberá unhas bases, ao que o sr. Alcalde respóstalle que non.

## B.- Mocións.

### 1ª.- Moción con motivo da concentración contra a lei Montoro e a regra de gasto.

A sra. Nogareda Marzoa xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV) o 28/07/2020 (núm. Rexistro 3649/2020), na situación que veñen vivindo os concellos de toda España, que lles impide a utilización de fondos incluídos como remanentes e que se foron orixinando polos superávits desde a coñecida lei Montoro do 2012, na que se fixaba unha regra de gasto que limitaba o gasto anual de cada municipio.

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

Seguidamente a sra. Nogareda Marzoa procede a dar lectura á dita moción, que a continuación reproducíase integramente:

<<María Nogareda Marzoa como voceira do grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico do Concello de Sada, presenta para a súa aprobación polo Pleno esta moción:

*Concentración contra a lei Montoro e a regra de gasto*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Alternativa dos Veciños leva anos denunciando a situación que veñen vivindo os concellos de toda España, que lles impide a utilización de fondos incluídos como remanentes e que se foron orixinando polos superávits desde a coñecida lei Montoro do 2012, na que se fixaba unha regra de gasto que limitaba o gasto anual de cada municipio.*

*Esta lei, amplamente criticada por todos os partidos políticos do estado, comprometéndose case todos eles a eliminala se gobernasen ou cogobernasen; non só non se eliminou, senón que agora preténdese baleirar as arcas a todos aqueles concellos que temos acumulado o remanente desde a entrada en vigor da citada lei. No caso do Concello de Sada, 3,500.000 euros, na Deputación da A Coruña, 70 millóns de euros, e o superávit do pasado exercicio de máis de 20 millóns de euros. O anuncio do que vai vir, vén da man do presidente da FEMP, o señor Caballero, por certo un dos máis intransixentes, cando gobernaba o Partido Popular. Non queremos pensar nos investimentos en infraestruturas que podería levar o municipio de Vigo polos servizos prestados, no caso de que a FEMP pacte co goberno o que pretenden.*

*Os cartos das administracións locais non son do Estado. O Goberno da Nación non pode usurpalo, para supostamente, devolvérolas en dádivas ao longo de 10 anos. Estamos a asistir a un xogo de "trileiros", no que o gancho é o presidente da FEMP e Alcalde de Vigo.*

#### ACORDOS

*Para todo iso propoño ao pleno do Concello de Sada, que desde a alcaldía, se convoque a todos os membros desta corporación, para manifestarse ante a porta da Casa do Concello ás 12:00 da mañá do próximo 7 de agosto, para reclamar a eliminación da lei Montoro e da regra de gasto. No caso de que a Deputación provincial acorde cambiar a data desta convocatoria para outro día, se trasladaría ese cambio para coincidir con todos os municipios da provincia>>.*





A continuación débátese a moción proposta, coas intervencións da sra. Reimúndez Suárez (BNG) amosa que se trata dunha lei que non se axusta á realidade, de ahí o informe do Interventor na MC 08/2020, e que as necesidades estatais non poden suprimir as necesidades locais, e sinala que o seu voto a favor; a sra. Pardo Fafián tilda de calumniosa a moción, que os concellos teñen que estar equilibrados en ingresos e gastos, como debe corroborar o Interventor.

O sr. Interventor sinala que esa é a definición actual de déficit.

A sra. Pardo Fafián continúa que a FEMP represente a todos os municipios de España, polo que cualifica a moción de demagóxica, e un non pode arrogarse a representación de máis de 8.000 concellos, polo que votarán en contra.

A sra. Salorio Porral (PP) sinala que a lei Montoro foi clave para sanear as contas de España, polo elevado déficit herdado do Goberno de Rodríguez Zapatero. Pese a redución do déficit do 10% ao 2% do Goberno de Rajoy Brey, o Goberno de Sánchez Castrejón volveu a incrementar o déficit en 2019. Anuncia, contra as vinte horas e corenta e dous minutos, que o seu grupo presenta unha emenda, nos termos seguintes:

*<<Primero.- El Pleno del Ayuntamiento de Sada acuerda solicitar al Gobierno de España flexibilizar la regla de gasto y el resto de las reglas contenidas en la Ley Orgánica de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera, para que todas las entidades locales puedan disponer del 100% de los remanentes de Tesorería, sus ahorros y los ahorros de sus vecinos, generados durante los últimos años para implementar aquellos servicios y medidas que permitan actuar primero contra la pandemia y después contra la crisis sanitaria, social y económica derivada de la misma, sin poner en riesgo la capacidad financiera de la entidad local y siempre en coordinación con las Comunidades Autónomas y el Estado, de forma que su utilización, para los fines descritos, no compute en el ejercicio 2020 para el cálculo de la regla de gasto y de estabilidad presupuestaria.*

*Segundo.- Transferencia de una parte proporcional de los fondos europeos que reciba España a las entidades locales para poder compensar el impacto del COVID-19 en sus ingresos y gastos presupuestarios.*

*Tercero.- Prorrogar los plazos para que las entidades locales puedan ejecutar las inversiones financieramente sostenibles, financiadas con cargo al superávit de 2018 y 2019, dado que la suspensión de los plazos administrativos, como consecuencia del estado de alarma, provocó que muchas de ellas no finalizaran en 2020.*

*Cuarto.- Creación de un fondo de 5.000 millones de euros, en ayudas directas y sin condiciones, a las entidades locales y de fondos específicos, por valor de 1.000 millones de euros, para compensar el déficit en los servicios de transporte público y para cubrir el coste de la colaboración de las entidades locales en la gestión del ingreso mínimo vital>>.*

O sr. Alcalde di que eles apostan pola derogación da lei Montoro, matiza que co marco normativo actual se incorrería en déficit, que reduce drásticamente a capacidade dos concellos para intervir na crise sanitaria, social e económica, e quen baixo o déficit foron os concellos que deixaron de prestar os servizos básicos.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) reitera o dito polo sr. Alcalde, e amosa que non está de acordo; a sra. Reimúndez Suárez (BNG) solicita a derogación da lei Montoro para os concellos galegos e que a interlocutora sexa a FEGAMP, non a FEMP, porque os concellos galegos teñen unha problemática específica; a sra. Pardo Fafián (PSOE) engade que o pacto coa FEMP é para utilizar os remanentes de tesourería, por importe de 5.000 millóns de euros, 2.000 en 2020 e 3.000 en 2021; a sra. Salorio Porral (PP) considera que manifestarse non soluciona os problemas, senón instando que non se incauten os remanentes de tesourería dos concellos, podendo empregar eses remanentes de tesourería; a sra. Nogareda Marzoa (AV) di que PP, C's e VOX se manifestaron fai pouco máis dun ano por unha moción de censura e por intentar solucionar un problema en Cataluña; a sra. Pardo Fafián (PSOE) pide que se corrixa no texto da moción que quen convoca non é a Deputación da Coruña, senón un grupo político; a sra. Salorio Porral (PP) reitera que as manifestacións non solucionan os problemas, non que estea en contra delas.

O sr. Alcalde conclúe o debate indicando como inflúe a lei Montoro directamente nos concellos, e lembra o caso da asunción do mantemento do CEIP O Mosteirón, ou a taxa de reposición de consolidación de emprego, especialmente en determinados corpos que non admiten funcionarios interinos, e lembra que se lle criticou ao seu Goberno o aboamento de horas extraordinarias á Policía Local, non sendo precisamente os corpos das policía locais os que tiñan a taxa de reposición máis baixa, e engade que ten posto, como exemplo, que é máis doado contratar a un empregado público que a unha gran empresa. Engade que a lei Montoro ten claramente



dous obxectivos: sanear as contas das administracións públicas e propiciar unha privatización dos servizos públicos.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) di que é verdade que a non asunción do mantemento do CEIP O Mosteirón pola Xunta de Galicia, e que tamén ten como outra consecuencia a taxa de reposición, pero despois de Montoro está Montero e este é o seu primeiro paso.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto da emenda presentada, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PP).
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

Para todo iso propono ao pleno do Concello de Sada, que desde a alcaldía, se convoque a todos os membros desta corporación, para manifestarse ante a porta da Casa do Concellos ás 12:00 da mañá do próximo 7 de agosto, para reclamar a eliminación da lei Montoro e da regra de gasto. No caso de que a Deputación provincial acorde cambiar a data desta convocatoria para outro día, se trasladaría ese cambio para coincidir con todos os municipios da provincia.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) pregunta se se cambiou no texto da moción que quen convoca non é a Deputación da Coruña, senón un grupo político, ao que o sr. Alcalde respóndelle que si.

## **2ª.- Moción sobre a revisión do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021.**

A sra. Pardo Fafián xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal Socialista o 29/07/2020 (núm. Rexistro 202099900002036), sobre a revisión do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021.

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

A sra. Pardo Fafián procede a dar lectura á dita moción, que a continuación reproducécese integramente:

*<<O Grupo Municipal Socialista de Sada de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción sobre a revisión do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021.*

### *Exposición de motivos*

*O Grupo Municipal Socialista de Sada tivo coñecemento do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o comezo da actividade lectiva no mes de setembro publicado o pasado 14 de xullo. Este texto, do que se retrasou a súa difusión por motivos claramente electorais, para o que non se tivo en absoluto en conta ás familias que son as quen van sufrir as súas consecuencias, e que se limita a establecer normas sanitarias de ocupación de edificios e celebración de reunións, coma se as súas fillas e fillos non fosen parte do Ensino Público, ten dous principios básicos:*





–O seu deseño corresponde exactamente coa intención de non mudar nada do existente, estíranse as costuras do sistema educativo para non ter que investir nin un céntimo, e adaptacións ata o insulto as necesidades sanitarias con tal de non achegar máis persoal, nin docente, nin non docente, máis instalacións, máis transporte, ou máis atención ao alumnado.

–Repíte no erro do terceiro trimestre pasado, deixar en mans das direccións dos centros educativos a responsabilidade da organización. Isto implica á súa vez dous problemas inmediatos:

a. A falta de uniformidade á hora de tratar un problema que si é uniforme; non hai ningunha razón para que dous centros escolares dean diferentes respostas a situacións iguais.

b. A utilización das direccións como responsables da xestión dun problema que é, tal e como se presenta no protocolo, estritamente sanitario. As direccións non son especialistas nesa materia nin teñen porque ser responsables do que ocorra neste ámbito.

Ao protocolo en detalle observamos as seguintes eivas:

–A distancia dun metro de separación nas aulas é absolutamente insuficiente segundo as recomendacións que se está a ver publicadas para a cidadanía xeral, mesmo no propio documento dáse o paradoxo de esixiren 1,5 metros nas salas do profesorado mentres que o alumnado estaría a un escaso metro de distancia, e non podemos presumir idéntico comportamento nos dous colectivos.

–Basear a estratexia sanitaria na auto diagnose de alumnado e/ou familias é absolutamente irresponsable; porque permite que o abandono involuntario na comunicación dunha pequena sintomatoloxía poida levarnos a infinitos contaxios e paralizacións do sistema.

–Converte os centros escolares en prisións ateigadas de normas de funcionamento, con porcentaxes de ocupación de baños, corredores, entradas e saídas, para logo permitir o ateigamento nas aulas, no transporte ou nos comedores escolares. É dicir: no que non supón custo económico imos ser rotundamente estritos, no que suporía máis gasto a consellaría permitirá todas as excepcións posibles.

–Non se pode admitir que sexa o alumnado quen se encargue dos labores de hixiene, en ningún momento; e non porque non deban aprender a facelo, senón porque a súa inexperiencia faraos ser ineficaces, e non se xoga coa saúde. A limpeza dos centros debe estar sempre en mans de profesionais. Máis se cabe nun momento como este.

–Non existe en ningún momento nin a máis mínima mención á atención á diversidade, fálase algo do alumnado NEE – só como persoas con dificultades para manter a hixiene persoal- pero óbviese, como se ven facendo dende o 13 de marzo pasado, calquera circunstancia que non responda ao estándar que a consellaría ten fixado. Que nos explique a conselleira como conseguir, por exemplo, que un neno-a con TDAH vai conseguir estar quieto durante cinco horas mirando cara adiante nunha aula, porque o importante é que só se distancie un metro das súas acompañantes, para que caiban na aula máis nenos-as aínda dos que collen hoxe coas aulas saturadas.

–Non se sabe como se vai asegurar a atención permanente ao alumnado, nos casos nos que, docente ou alumno-a non poida asistir a clases durante un período indeterminado, ou nos casos de hipotético peche das instalacións. A fenda dixital segue a estar aí; non se resolve cunha semana de formación para todo o profesorado ou con 15 días para o alumnado. Hai máis factores que é preciso considerar.

–Non hai unha previsión sobre os custes económicos das medidas sanitarias, para as familias nin para os propios centros educativos, nós demandamos que a consellaría asuma a totalidade dos gastos producidos para toda a comunidade educativa.

Faláramos outros 99 folios, como fixo a consellaría, pero todo nos leva ao mesmo lugar:

–As familias teñen que estar presentes na organización da volta ás aulas.

–A consellaría ten que asumir a responsabilidade directa do que se decida, e asegurar un cumprimento igual en toda Galicia.

–Incrementar a distancia de separación entre o alumnado, e asumir que isto implica unha diminución de rateos e a necesidade de contratar máis profesorado, máis coidadores-as nos comedores, máis transporte escolar, e máis infraestruturas nos centros.

–Asegurar que os centros escolares manteñan un clima de convivencia pacífica, cordial e saudable, combinando as necesidades sanitarias cun modelo de xestión axeitado para que o alumnado se sinta implicado e seguro.

–Contar cun protocolo de actuación que permita que o alumnado, docentes e pais e nais se sintan cun grado de seguridade razoable na súa volta ás clases.

–O protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional carece dun elemento clave para conseguir un nivel óptimo de implementación, o consenso coa comunidade educativa.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno esta moción e presenta para o seu debate e posterior aprobación, si procede, o seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia á retirada do actual protocolo e á apertura de canles de diálogo coa comunidade educativa que permitan consensuar un documento que conte co aval conxunto da Administración máis o dos membros da comunidade educativa.

2. Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional á inversión suficiente en recursos humanos e materiais para asegurar a necesaria seguridade física e psicolóxica do alumnado e profesorado, así como na obrigatoria minimización para a comunidade educativa e o resto da poboación.

3. Instar á Consellería de Sanidade a que cree un departamento (que responda de xeito eficaz ás necesidades existentes) de inspección, coordinación e asesoramento de centros ao igual que o hai para a Consellería de Política Social >>.



A continuación débátese a moción proposta, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV) que sinala que votarán a favor, con dúas matizacións, que a OMS recomenda que existe persoal sanitario dentro dos centros (enfermeiro) e que se delega nos centros educativos unha responsabilidade que é da Xunta de Galicia; a sra. Reimúndez Suárez (BNG) pide ao PP que rectifique, igual que fixo co paritorio de Verín.

A sra. Salorio Porral (PP) presenta unha emenda, nos termos seguintes:

*<<Primero.- Instar a la Xunta de Galicia a garantizar la total seguridad sanitaria en los centros educativos para el próximo curso 2020-2021, a través del cumplimiento de una normativa específica acorde a la realidad de los centros educativos de Galicia*

*Segundo.- Instar a la Xunta de Galicia a poner en marcha todas las medidas precisas para garantizar la mayor normalidad en las aulas y para establecer la mejor situación posible para la consecución de los objetivos académicos marcados para el curso 2020-2021, con especial énfasis en el cuidado del bienestar emocional de todo el alumnado en la vuelta a las aulas.*

*Tercero.- Instar a todas las Administraciones competentes desde el transporte al centro, los comedores escolares, el servicio de limpieza, etc., el Gobierno nacional, el Concello, las APAS, etc., puesto que esto no es un asunto únicamente de Educación, responsabilidad de la Xunta, sino que es de salud pública, con todas sus consecuencias>>.*

A sra. Salorio Porral (PP) expón os motivos da emenda presentada.

O sr. Alcalde advírtelle á sra. Salorio Porral que vaia rematando.

Logo de rematar a sra. Salorio Porral (PP), o sr. Alcalde anuncia que o seu grupo está totalmente a favor da moción, porque en setembro, co retorno ás aulas, se cadra volven a incumprir coa lei Montoro; a sra. Pardo Fafián amosa a súa conformidade co dito pola sra. Nogareda Marzoa, disente coa sra. Salorio Porral, e fala de disenso na comunidade educativa; a sra. Nogareda Marzoa (AV) igualmente disente da sra. Salorio Porral; a sra. Reimúndez Suárez (BNG) igualmente; a sra. Salorio Porral fala dun texto consensuado coa xunta autonómica de directores de centros de ensinanza non universitaria de Galicia.

A sra. Nogareda Marzoa interrompe á sra. Salorio Porral, quen lle di que non rematou de falar. Cando remata, a sra. Nogareda Marzoa (AV) pregunta que, se os centros reducen optatividade e manteñen persoal, cando van contratar ao novo persoal; a sra. Pardo Fafián engade o pedimento de CC.OO. de cese do xefe territorial da Consellería de Educación na provincia da Coruña; a sra. Salorio Porral sinala que o IES Isaac Díaz Pardo ten dúas obras importantes neste verán.

O sr. Alcalde di que o sr. Núñez Feijóo, quen segue en funcións, sae menos nos medios de comunicación dende o 12/07/2020, cando comeza a haber problemas sanitarios.

Logo de terse debatido o asunto vótase a emenda proposta polo grupo municipal do Partido Popular, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PP).
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando rexeitada por maioría absoluta dos membros presentes.

A continuación, procédese á votación do texto da moción do grupo municipal socialista coa emenda introducida polo grupo municipal de Alternativa dos Veciños, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 PP.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

*<<1. Instar á Xunta de Galicia á retirada do actual protocolo e á apertura de canles de diálogo coa comunidade educativa que permitan consensuar un documento que conte co aval conxunto da Administración máis o dos membros da comunidade educativa.*

*2. Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional á inversión suficiente en recursos humanos e materiais para asegurar a necesaria seguridade física e psicolóxica do alumnado e profesorado, así como na obrigatoria minimización para a comunidade educativa e o resto da poboación.*



3. Instar á Consellería de Sanidade a que cree un departamento (que responda de xeito eficaz ás necesidades existentes) de inspección, coordinación e asesoramento de centros ao igual que o hai para a Consellería de Política Social >>.

### C.- Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula dous rogos:

- 1) En relación co rogo feito nunha sesión anterior polo seu compañeiro, o sr. Blanco Montero, pola situación da rúa Praia ata o Curruncho, que obrigou a pechar os parques existentes, polo que roga que se poña en marcha, canto antes, unha reforma da eu estado lamentable, da rúa Praia e o Curruncho, incluíndo os parques infantís.
- 2) Roga, agradecéndolle, á Concellería de Obras que recapacitasen deixando a reforma do parque infantil das Brañas para despois do verán.

Continúa a sra. Pardo Fafián (PSOE), quen presenta tres preguntas:

- 1) Pregúntalle ao sr. Alcalde e máximo responsable do Servizo de Urbanismo, en relación ao acordo da Xunta de Voceiros do 02/06/2020 en relación coa adopción de medidas para favorecer ao comercio e á hostalaría local, que pasaba por obter novas zonas e a posibilidade de ampliar a zona de terrazas, se mandaron planos, e o 08/05/2020 faláron coa Demarcación de Costas de Galicia, por que non se continuou co acordo adoptado naquela Xunta de Voceiros.
- 2) Pregúntalle ao sr. Alcalde e máximo responsable do Servizo de Urbanismo, en que norma se están a basear os hostaleiros que están a ampliar as súas terrazas e que pasaría se algún veciño ou visitante denunciase a instalación desas terrazas que non teñen amparo legal.
- 3) Pregunta, en relación co programa PEL Reactiva, da Deputación Provincial, coa achega para Sada 226.000 euros, que pode ser ampliado con fondos propios por importe de 57.014,28 euros, chegando así a 283.014,28 euros, se o Concello de Sada se vai adherir a ese programa, e de ser o caso, se van achegar fondos propios ou non, debido a liña de axudas municipais non se vai facer así.

O sr. Alcalde respóndelle que non se vai incrementar, en función das necesidades.

A sra. Pardo Fafián dille que será preciso necesario complementala.

O sr. Alcalde dille que os 57.014,28 euros serán achegados.

O sr. Tellado Villares (PP) presenta dúas preguntas:

- 1) Pregúntalle ao sr. Alcalde que, o 30/06/2020 lle pediron o informe técnico de necesidade de desvío da liña de media tensión na rúa Ponte, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, e como xa pasaron os cinco días, se se lles vai responder ou non.
- 2) Pregúntalle ao sr. Alcalde que, o 30/06/2020 lle pediron o proxecto de recuamento da liña de media tensión na rúa Ponte, se se lles vai responder ou non.

O sr. García Coteló (PP) formula dous rogos:

- 1) Roga que, en relación co pedimento nun Pleno pasado do acceso e copia de dotar de subministro eléctrico do pozo de bombeo de Lácere, pedido o 07/07/2020, se lles dea acceso e copia.
- 2) Roga que, en relación cos planos do sumidoiro e pluviais da rúa Lagoa, se lles dea acceso e copia dos planos dos mesmos.

A sra. Salorio Porral (PP) presenta dúas preguntas:

- 1) Pregunta cantas veces se desinfectaron as paradas de autobuses e as zonas de moita afluencia de público.
- 2) Pregunta, en relación coa resolución de 14/05/2020, para a redacción dun Plan Económico Financeiro, se fixo o sr. Interventor ese informe. O sr. Interventor respóndelle que está sen facer, polo que quere saber cando ten



pensado facelo, porque o seu grupo o pediu por escrito o 10/06/2020 e o 17/06/2020. O Interventor respóndelle que a elaboración do PEF é obrigatorio logo dos datos que xurdiron da liquidación do orzamento de 2019, entendendo que están a piques de rematar o prazo, pero que se trata dunha obriga persoal do Interventor, e di que no prazo máis curto posible será presentado.

A sra. García (PP), presenta preguntas e formula tres rogos:

- 1) Pregunta por qué fai pouco máis dun mes destruíron as escaleiras do Porto,
  - 2) Roga que non sexan tan radicais, porque cortaron todas as hortensias, ao que o sr. Fariña Andrade di que estaban moi secas.
  - 3) Roga que, en relación cos pivotes colocados na marxe esquerda en sentido de baixada, para acceder ao garaxe, pide que poñan un pivote máis se era para mellorar a visibilidade dese garaxe.
  - 4) Pregunta se vai haber Pleno en agosto,
- O sr. Alcalde respóndelle que si haberá.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 59 minutos do día xoves 30 de xullo do 2020, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).